A Sra. Rodríguez Pérez di: O máis destacable do catálogo – cadro de persoal para este 2017 sería o aumento das prazas de auxiliar de axuda no fogar, en cinco e media. De dezanove e media pasamos a vintecinco. Despóis xa falará disto a concelleira Manoli, pero a min

gustaríame que cosntara en acta con respecto a este tema a dobre moral do goberno do PP da Xunta de Galicia. Por unha parte dende política Social dísenos que temos 600 horas a maiores para cubrir e por iso podemos incrementar os auxiliares, pero a aportación económica da Xunta é de 9,5 euros por hora mentres que a nós, ó Concello, cóstanos cada unha 23,68 euros, tal como se pode ver no informe sobre o presuposto 2017 do Interventor municipal, e ademáis as competencias municipais en materia de servizos sociais a día de hoxe están limitadas á avaliación e información de situacións de necesidade social e á atención inmediata a persoas en situación en risco de exclusión social, sendo as actividades e competencias asumidas polo Concello moito maiores das sinaladas pola lei. Tamén o dí o informe do Interventor. É dicir, e resumindo, o que para nós, para todo o grupo de goberno municipal é unha prioridade absoluta, o bo funcionamento dos servizos sociais, debido á desatención “legal” e económica do goberno do PP da Xunta de Galicia só nos leva a acumular reparos por parte da Intervención municipal.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por sete (7) votos a favor do PSdG-PSOE (3), do BNG (2) e de ANOVA (2), e cinco (5) votos en contra do PP, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

3.- ORZAMENTO 2017

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 20 de febreiro de 2017, que dí:

“Vista a Proposta da Alcaldía asinada dixitalmente con data 17.02.2017, que dí:

“EMENDA Á PROPOSTA DÁ ALCALDÍA AO PLENO

Visto o expediente de aprobación do Presuposto para o 2017, e considerando a conveniencia dá súa aprobación no presente exercicio, sométese o Pleno para o seu estudio, e se procede, aprobación para a súa vixencia dito exercicio.

Na memoria do expediente explícanse as principais novidades e a xustificación das principais novidades e alteracións respecto do exercicio anterior e a motivación do levantamento do reparo da Intervención municipal respecto do expediente elevado.

Respecto da proposta anterior, modificáronse as cantidades adicadas do POS entre gasto corrente e investimentos para incorporar dentro do plan o pagamento a provedores da liquidación da obra Acondicionamento de camiños en Candales e Veciñeira por importe de 24.616,49 €

Por todo iso, propónse ao Pleno a aprobación do seguinte acordo:

Primeiro.- Levantar a nota de reparo da Intevención municipal

Segundo.- Aprobar inicialmente o presuposto para o exercicio 2017, xunto coas bases de execución, plantilla, anexos e demais documentación complementaria que lle acompaña o resumo de capítulos da cal é o seguinte:

CAPÍTULO	INGRESOS	IMPORTE 2017
1	Impostos Directos	2.011.000,00

2	Impostos Indirectos	16.000,00
3	Tasas e outros Ingresos	742.800,00
4	Transferencias Correntes	2.351.312,47
5	Ingresos Patrimonias	95.734,20
	Alleamento Inversións	0,00
6	Reales	
7	Transferencias de Capital	223.124,63
8	Activos Financeiros	5.000,00
9	Pasivos Financeiros	213.396,25
TOTALES		5.658.367,55

CAPÍTULO	GASTOS	IMPORTE 2017
1	Gastos de Personal	2.299.670,00
	Gastos Bens Correntes e	2.037.357,59
2	Serv.	
3	Gastos Financeiros	5.300,00
4	Transferencias Correntes	330.741,59
6	Investimentos Reais	964.598,37
7	Transferencias de Capital	15.700,00
8	Activos Financeiros	5.000,00
9	Pasivos Financeiros	0,00
TOTALES		5.658.367,55

Terceiro.-O expediente, xunto co seu correspondente acordo, quedará exposto ao público na Intervención do Concello por prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte aquel en que apareza publicado o correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, durante o cal os interesados que estean lexitimados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o pleno.

En caso de non se presentar reclamacións ao termo do período de exposición, o expediente considerarase definitivamente aprobado, sen necesidade dun novo acordo plenario, de conformidade co disposto no art.169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

Sometida a proposta a votación, a Comisión, por catro votos a favor do PSdG-PSOE (dous), do BNG (un) e de ANOVA (un), e tres abstencións do PP, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, prodúcense as seguintes:

O Sr. Alcalde di: O Concello de Cedeira conta cunha rede de saneamento municipal en parte do núcleo urbano e gran parte dos núcleos das parroquias, pero hoxe en día todavía quedan algúns lugares que non contan con este servizo indispensable para toda familia, o cal supón unha xestión o máis atomizada posible de todos os residuos domésticos a base de fosas sépticas individuais para cada vivenda. Dentro deste pequeno pero entendible análise dos problemas de saneamento que ten o noso concello o grupo de goberno presenta neste pleno as liñas a seguir en canto á mellora de infraestruturas de saneamento tanto na zona urbana como no rural que se van a levar a cabo no presente exercicio orzamentario.

Dentro do Plan único da Deputación invistiremos o 100 % da achega 2016 en dúas obras que son “Saneamento nas Pontigas” e “Saneamento en Casal de María e Vila do Río” por un importe en conxunto de 198.508,14 €. Como proxecto complementario a este plan único será

utilizado íntegramente para saneamento co título de “Saneamento de varias rúas do casco urbano 2017” cun importe de execución material de 146.896 €.

Este goberno mostra unha especial atención ao respecto e á protección do medio ambiente, con diferentes actuacións no eido da posta en valor dos espazos naturais, da recuperación do noso patrimonio natural, da correcta xestión do lixo, na difusión do emprego das enerxías renovables, e nos servizos de abastecemento e tratamento de augas residuais.

Hoxe eiquí presentamos un sistema de saneamento autónomo, sen consumo de ningún tipo de enerxía e cun mantemento moi reducido no lugar das Pontigas, na saída do núcleo urbano de Cedeira cara a Santo André de Teixido.

Entendemos dende o goberno local e vendo que este tipo de actuacións levan funcionando moitos anos en comunidades como Cataluña e o País Vasco así como en algunha localidade galega que este sistema de fitodepuración en balsa húmida é a solución máis axeitada para o lugar das Pontigas, motivado sobre todo polo respecto ao medio ambiente así como polos reducidos custos, tanto de construción como de mantemento si o comparamos cunha minidepuradora convencional como as que xa dispoñemos en Cedeira.

O feito de implantar un sistema deste tipo en pequenos núcleos son múltiples; por unha parte, o Concello de Cedeira mellora a calidade ambiental do municipio ao evitar verquidos ou reboses accidentais das fosas sépticas individuais coas que contan a maioría dos veciños das parroquias a día de hoxe, por outra banda, os propios veciños van a despreocuparse das súas fosas sépticas ao quedar centralizada a recollida das augas residuais por medio dun novo colector que remata nunha balsa de fitodepuración, polo tanto cremos que é unha actuación na que todos gañamos.

Pero ademáis este tipo de instalacións teñen os seguintes beneficios: non ten consumo eléctrico, xa que o sistema de recollida faise por gravidade e a balsa non ten ningún aparello eléctrico; solución sinxela, fiable e barata; baixas necesidades de mantemento; unha parte dos residuos son reutilizados como nutrientes do solo; vida útil longa; as instalacións intégranse perfectamente no contorno natural; adáptase ben ás variacións de caudal; non emite cheiros desagradables; non proliferan as colonias de insectos.

A Actuación nº 2 de mellora de saneamento vaise a facer nos lugares de Casal de María e de Vila do Río.

Na parroquia de San Román dispoñemos dunha EDAR que ten capacidade para absorber os 24 lugares que ten a parroquia e dentro deles encóntranse os dous antes mencionados. As actuacións que se van a acometer nesta obra contemplan: creación dunha rede de colectores e pozos para o desenrolo da rede de saneamento, conexión á rede existente, reposición de firmes, falamos de máis dun km de lonxitude.

Neste caso, e comparando coa obra de saneamento das Pontigas antes citada, a diferenza entre facer unha minidepuradora biolóxica é que xa dispoñemos dunha EDAR en Montoxo e sabemos que son plantas depuradoras que funcionan mellor canto maior cantidade de augas residuais lles cheguen aínda que teñen un custo de mantemento máis elevado.

Por último como Proxecto en mellora do Saneamento dentro do casco urbano e despois de consensualo coa empresa responsable do saneamento en Cedeira tomamos a decisión de levar a cabo o Proxecto de melloras na rede de saneamento municipal das rúas Paz, Silva e Floreal orzamentado nun importe de 146.896 €. Unha obra necesaria onde se proxecta a renovación da rede de saneamento existente, así como a canalización destinada á recollida de pluviais, co cal teríamos a tan anhelada rede separativa, seguindo as instrucións técnicas para obras Hidráulicas de Galicia, publicadas pola Xunta.

Estas actuacións como ben dixemos en moitas ocasións servirán para mellorar o funcionamento da EDAR de Cedeira o que influirá en que a Estación de Bombeo non alivie en

días de choiva e debido ao carecer de rede separativa ao río Condomiñas co cal evitamos pouco a pouco a contaminación das nosas augas.

Dentro desta liña de Proxectos do Plan Unico da Deputación levaremos a cabo a execución da rehabilitación do edificio Pazo de Moscoso para a mellora das dependencias municipais na súa fase nº 1.

Nesta primeira fase o proxecto contempla a demolición de toda a tabiquería existente, a restauración de todo o contenedor do inmovible (fachadas e cubertas), e forxados, así como a resolución arquitectónica da escada e o ascensor do edificio. Con este fin pretendemos sentar as bases que orientarán a definición e a execución das fases sucesivas ata acadar a posta en servizo do edificio como dependencias administrativas da administración municipal.

Dentro da futura segunda fase invitaremos aos membros da oposición para que revisen xunto ao grupo de goberno as posibilidades e propostas que ofrece o edificio para albergar unas segundas dependencias municipais situadas tan só a 15 metros da actual casa do consistorio pois entendemos que calquera actuación deste tipo debe ser consensuada por toda a corporación municipal.

En total falamos dunha actuación de rehabilitación de 532,88 m² construídos dos cales teremos un aproveitamento útil de 351,37 m². O importe do proxecto é de 213.000 €

Este ano firmaremos un convenio coa Deputación da Coruña para facer unha intervención entendemos que moi necesaria debido ao estado actual da maioría das beirarrúas da nosa vila, nas cales encontramos plaquetas e bordillos destrozados, nun estado pésimo de conservación debido á falta de mantemento dos derradeiros anos, tramos que precisan dunha reparación urxente; este proxecto denomínase “Reparación de beirarrúas e na pavimentación das rúas Avda. da Area e rúa Fraga Iribarne” cun orzamento de base de licitación de 150.000 € onde a Deputación aportará a cantidade de 100.000 €.

As obras consistirán no seguinte: na Avda. da Area, no sentido Cedeira – Campo do Hospital, realizaránse novas beirarrúas no marxe esquerdo, no tramo comprendido entre a rúa Eduardo Pondal e a Travesía da Silva, e no marxe dereito entre o entronque da Avda. de Castelao coa praza de Galicia e a Rúa Neda. Tamén se actuará no tramo de beirarrúas da Praza de Galicia, que hai entre a rúa Eduardo Pondal e a Avda. Zumalacárregui. Como derradeira actuación neste proxecto será a realización de novas beirarrúas na Avda. Fraga Iribarne, no tramo comprendido entre a rúa Estrada e o Camiño Real da Magdalena. En total falamos dunha actuación de máis de 1.400 m² de reposición de plaquetas e de 640 mL de colocación de bordillo así como da conexión das baixantes á rede de pluviais co cal se conseguirá que moita auga dos tellados non colapse a estación de bombeo de Cedeira e se reducirán os alivios desta ao río.

Pasamos agora ao capítulo de subvencións:

No apartado de subvencións, este ano dentro do fondo de compensación medioambiental en liña de concorrencia non competitiva volveremos a apostar polo emprego, destinando a metade da subvención en concorrencia non competitiva (máximo permitido polas bases da subvención) a cantidade de 45.937,44 € na contratación de persoal para gastos adicados ao funcionamento dos servizos municipais de protección do medio ambiente e do espazo natural. Tamén apostaremos por mellorar a eficiencia enerxética no casco vello de Cedeira. Unha actuación cun importe de licitación de 30.250,00 € que se centrará na substitución das luminarias existentes de vapor de sodio por outras de tecnoloxía led co cal acadaremos un aforro enerxético moi importante, o cal leva consigo un aforro económico, unha diminución da emisións de dióxido de carbono e a redución da contaminación lumínica.

Dende o concello de Cedeira somos coñecedores de que os problemas medioambientais derivados do consumo de recursos enerxéticos fósiles non renovables constitúen actualmente un dos maiores problemas de maior importancia a nivel global. Deste xeito optamos por unha política enerxética que vai encamiñada a mellorar a eficiencia enerxética do alumado público

introducindo unha serie de melloras na eficiencia enerxética co obxectivo de obter unha redución da cantidade de enerxía consumida para un mesmo nivel de actividade.

As instalacións indicadas que se proxectan levaranse a cabo no cadro da Rúa Costa que dá servizo eléctrico de alumeadado ás seguintes rúas que a continuación se enumeran: Sra. Do Mar, Crónicas, Cristo, Real, Tetuán, Costa, Hortas, Mariñeiro, Zoas verdes.

A terceira e última actuación nesta subvención é a actuación de mellora medioambiental cubre contenedores co que se pretende ocultar parcialmente os colectores de orgánicos e plásticos. Esta actuación será por un importe de licitación de 15.754,20 €.

Na liña das subvencións do fondo de compensación en concorrencia competitiva presentamos un proxecto denominado saneamento na rúa Amor Hermoso. O proxecto corresponde a unha actuación de saneamento na rúa Amor Hermoso. O investimento consiste en cambiar a rede de sumidoiros existente da rúa Amor Hermoso, entre os seus números 2 e 14, por unha rede separativa formada por unha rede de augas residuais, que substituirá ao colector existente por colectores de residuais de PVC liso e unha rede de augas pluviais, que se proxecta nova, con colectores de PVC corrugado dobre parede.

A necesidade deste tipo de actuacións de saneamento xa foi anteriormente descrita nesta lectura. O importe total de licitación é de 30.758 euros.

A segunda subvención que se solicita á Xunta de Galicia en concorrencia competitiva entra dentro da convocatoria “para a creación e mellora das infraestruturas, dotacións, instalación e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais”. Entendemos que dentro desta subvención entra o proxecto que se presentou, uns “Vestuarios no campo de fútbol de Cedeira”. Unha obra de gran importancia nestes momentos debido ao gran número de nenas e mozas que practican deporte no campo de fútbol municipal de Cedeira, e neste caso o Concello precisa aumentar a superficie destinada a vestiarios do campo de fútbol, xa que os existentes non reúnen as condicións adecuadas para ser ocupados ao mesmo tempo por nenos e nenas ou mozos e mozas usuarios. Coa realización desta obra preténdese mellorar tanto as condicións actuais do campo de fútbol como adaptar a instalación a un uso apto para todos os xéneros co conseguinte beneficio para os usuarios directamente afectados, e en xeral para o termo municipal. Estes novos vestiarios adaptaranse ao entorno, respetando a tipoloxía da edificación adxacente, mantendo o ancho e a altura das pezas existentes. O importe de licitación do proxecto é de 66.224 €.

A terceira subvención solicitada á Xunta de Galicia entra dentro da liña de concorrencia competitiva das “subvencións a entidades locais para o fomento da accesibilidade e sinalización de recursos turísticos no medio rural”.

O noso concello está declarado como Municipio Turístico Galego así como un referente dentro do turismo dos concellos representativos das Rías Altas galegas. Este sector representa unha alta porcentaxe na economía da vila sobre todo nos meses do verán. E si ben é certo moitos dos visitantes que se achegan a Cedeira en época estival fano para disfrutar tanto do ambiente tranquilo das súas praias urbanas, como doutro tipo de oferta turística cada vez máis demandada según o amosan os datos recollidos na oficina de turismo municipal. Demanda para a que este concello conta cunha enorme potencialidade que é preciso fomentar e non só tendo en conta a todo o turismo externo ou foráneo, senon tamén aos propios veciños e veciñas da localidade que tamén inciden na necesidade de que se lles ofrezca a posibilidade de disfrutar da riqueza paisaxística, medioambiental ou histórica do municipio.

Un elemento formal moi destacado nesta costa constitúeno, sen dúbida, os grandes cantís, xerados pola presenza de serras moi próximas ao mar, como A Capelada. Os planos rochosos moi verticais son un elemento formal dunha enorme personalidade, contrastada coa horizontalidade do mar aberto ata o horizonte. Os miradoiros de San Andrés de Teixido e da garita de Herbeira entre outros, son verdadeiros balcóns suspendidos sobre os cantís, que irán descubrindo sucesivas vistas panorámicas da agreste costa e dos núcleos de poboación que se asentaron no interior das rías. Os miradoiros nesta costa están entre os máis apreciados de

Galicia, xa que, debido á presenza das serras litorais, son numerosas as vistas dende puntos de grande altura e proximidade ao mar. O orzamento de licitación deste proxecto é de 21.695 €.

Neste contexto é no que habería que incluír o carácter prioritario da sinalización dos miradoiros do concello, áreas de especial interese paisaxístico, así como a sinalización de todos os puntos de interese do concello existentes a través dunha app turística como as praias, igrexas, o Castelo da Concepción, San Andrés de Teixido, os cantís, etc., para terminais iOS e Android, integrándolle un xestor de contido dinámico que permita e facilite a realización de cambios as persoas con coñecementos informáticos básicos.

Localización: miradoiro Punta Sarridal, miradoiro de San Antonio de Corveiro, miradoiro de Punta Candieira, miradoiro de Teixedelo-Cruceiro, miradoiro Garita da Herbeira, miradoiro dos Carris, miradoiro Chao do Monte, miradoiro do Faro de Robaleira, miradorio de San Fiz.

En derradeiro lugar imos a repasar as obras que están pendentes, que se encontran en trámites de contratación que veñen dos plans do ano pasado, son as seguintes:

Dotación de parques infantís na rúa ortigueira e Paseo da Madalena cun importe de licitación de 43.500,59 €. Instalación de xogos biosaludables e infantís cun importe de licitación de 36.588,22 €.

Area de ocio e descanso no Parque do Romeiro cun importe de licitación de 37.409 €.

Acondicionamento do entorno das instalacións de depuración de augas residuais por un importe de licitación de 35.876,89 €.

Actuacións de mellora na accesibilidade e outros na biblioteca municipal: 249.246,31 €.

Proxecto técnico da mellora da eficiencia enerxética do concello de Cedeira por un importe de licitación de 24.676,26 €.

Instalación red inalámbrica núcleos rurais por un importe de licitación de 43.570,31 €.

Conservación e mantemento na carpintería exterior dos escolares de Piñeiro e Esteiro por un importe de licitación de 59.475,76 €.

Como remate deste pequeno resumo das actuacións que se van a desenrolar no ano 2017 dende a concellería de obras será a contratación dun plan de mobilidade urbana sostible, un plan que acadará unha mellora na mobilidade e na accesibilidade peatonal, así como no aumento dos desprazamentos máis sostibles.

Entendemos que a elaboración dun Plan de Mobilidade Urbana Sostible require unha metodoloxía de participación e concenciación social, información e educación por parte das autoridades locais.

Os obxetivos previamente definidos poderanse acadar facendo un Plan de Mobilidade cos obxetivos que demanden os veciños, polo que se acudirá a reunión de traballo, na que intervirán asociacións de veciños, de comerciantes ou outros que neste caso requira o concello.

Os obxetivos que contempla este plan irán incluídos no seguinte bloque de medidas: 1.- Medidas de fomento e mellora dos desprazamentos en modos non motorizados. 2.- Medidas de reordenación e mellora do transporte público.

3.- Medidas para o futuro denserolo viario e adecuación ás modificacións previstas.

4.- Melloras de medida na accesibilidade e mobilidade peatonal, supresión de barreiras arquitectónicas para o peatón e a bicicleta.

5.- Medidas da recuperación da calidade cidadá mediante a mellora da rede de itinerarios peatonais principais. 6.- Medidas para a mellora da xestión de aparcamento.

7.- Medidas de desconxestión viaria. 8.- Medidas de seguridade vial.

9.- Medidas medioambientais e de protección. 10.- Medidas de interferencia modal.

11.- Medidas de outras actividades de mobilidade. 12.- Seguimento da mobilidade sostible.

13.- Medidas de financiación de propostas.

Destacamos tamén que se aumenta nun 100 % a aportación dende o concello ao Plan Marco de mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2017, quedando así a achega municipal en 40.000 €.

Cabe destacar que se vai adicar unha partida de 70.000 € dentro destes orzamentos á compra dun camión para o servizo principalmente de alumeado público, partindo da precariedade de medios cos que dispoñen hoxe os poucos traballadores que temos no servizo de alumeado e obras xa que o actual camión, comprado de segunda man no ano 1.999 esta a piques de non pasar a seguinte inspección técnica de vehículos e non sae do taller das continuas averías que sofre. Este camión que se vai a comprar tamén supón unha mellora nos rendementos do traballo xa que permite que unha soa persoa poida manipular o elevador á hora de realizar diferentes traballos a diferenza do que acontece agora xa que sempre ten que ser manipulado por dous operarios.

Este é un pequeno resumo das obras máis grandes que non as máis importantes que contemplan os orzamentos do 2017, sin esquecer a compra de maquinaria, sinalización vial, mobiliario urbán, compra de colectores e soportes metálicos, suxeitacontenedores, investimentos en edificios...

A Sra. López Rodríguez di: Fixen un esquema para explicar o orzamento de Servizos Sociais. O orzamento presenta un incremento porcentual dun 10,25 %. O que máis importa é o incremento de cinco prazas e media, que son máis de seiscentas horas. Ofreceremos cursos, como de ximnasia terapéutica, memoria e baile activo durante todo o ano. Queremos impulsar a conciliación da través de subvencións como a da ANPA Picapeixe, 15.700 € (conciliación en vacacións e servizo de madrugadores). Apostamos por continuar colaborando con AFAL, con ALCER, con ASFEDRO tamén, pero sobre todo, con AFAL e con ALCER. Completamos a xornada da traballadora social, que estaba a media xornada, a xornada completa. Intentaremos conseguir (si o departamento de política social da Xunta o permite) unha media xornada para un auxiliar administrativo en servizos sociais, porque necesitamos máis apoio e máis persoal. Tamén vai unha partida en plan piloto, queremos levar a cabo o transporte das parroquias en convenio cos taxistas. Intentaremos que a xente que veña ao centro de saúde dende as parroquias podan utilizar este medio de transporte financiado polo Concello.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Falando de cultura, de turismo e urbanismo. O incremento en cultura é dun 17,23

% con respecto ó ano pasado. O orzamento total en cultura é de 405.390,83 euros. Vai adicado a festas

130.000 euros, separados nos orzamentos do que son os restantes gastos de cultura. O resto son gastos de cultura en sí. Nestes gastos de cultura irían as distintas actividades que temos programadas para todo o ano. Rede cultural de Deputación, Agadic, Cinemas de Galicia, cursos de pintura, Samaín, música na rúa do mes de xullo, cantos e contos no solpor en setembro, outubro máxico (imos facer unhas actuación de maxia), certame de teatro en novembro e unha idea que bautizamos como "cantigas de maio" que aínda que vaian orzamentadas en cultura, falará despois delas Tiano que é o artífice do que imos desenvolver este ano. Outro proxecto incluído nestes orzamentos é a intervención arqueolóxica no Campo do Castro. Volvemos a solicitar subvención ó Galp, para o desenvolvemento do proxecto bianual "O sentir mariñeiro: achega do mar á terra a través dos recursos e artes pesqueiros" no que se incluírá a festa do Percebe e tamén outra de exaltación da Merluza. Ademais de todas as actividades que desenvolvemos dende o Concello o unhas que colaborem, para nós é fundamental o traballo de todas as asociacións que desenvolven o seu traballo no noso Concello. Convocaremos de novo as subvencións de libre concorrencia para actividades e investimentos.

En materia de turismo o orzamento é de 99.497,59 e a porcentaxe máis alta sería a adicada ó proxecto "Entre arcos e cantís". O proxecto é subvencionado polo Galp en conxunto con

Burela e Ribadeo. Dentro deste proxecto bianual 2016-2017 desenvolveremos distintas actividades, por unha parte as xeorutas, que ampliamos a catro despois do éxito que tiveron as tres que ofrecíamos todos os fins de semana do verán pasado, portal web, aplicación móvil, actividades de formación para hostelería, programa de visitas guiadas... Proporanse unidades didácticas dirixidas a centros escolares, catro audiovisuais, curso de guías locais do litoral e deseño e execución do programa. Intentaremos incluír unha ruta a pé polo río Condomiñas. É importante tamén para o desenvolvemento dun turismo sostible polo que apostamos ir avanzando cos Concellos da nosa contorna para a creación dun xeparque. Parece que a Deputación ten previsto convocar subvención nese sentido e por ahí tiraremos tamén.

En urbanismo gustaríanos retomar a revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal. Houbo unha subvención no 2007 e ó longo do 2008 e 2010 executáronse distintas fases, quedando parado antes da aprobación inicial. Do que se trataría agora sería de revisar a documentación que xa está elaborada é continuar co proceso. O que nos gustaría é ter o consenso e acordo de toda a Corporación municipal. Creemos que nun tema como este é fundamental a participación de toda a corporación e pídolles en nome do goberno a súa colaboración.

O Sr. Labraña Barrero di: Vou a dividir a miña intervención en dúas partes. Por unha parte, falarei das competencias da concellería de Ensino, e logo de temas de carácter transversal.

En canto ás competencias da Concellería de Ensino, están bastante limitadas pola normativa e se reducen ó persoal municipal non docente, gastos do colexio, xa que no IES non temos competencias, e algunhas partidas puntuais en actividades a través da ANPA. Aquí está todo máis ou menos definido. Gustaríame sinalar que se recibiu unha oferta do Círculo Ferrolano do Xadrez, para impartir uns cursiños de iniciación, non como asignatura, pola importancia e os beneficios que aporta o xadrez ós escolares. Intentaremos que como plan piloto teña cabida no colexio, se son receptivos. En función do resultado intentaremos amplialo. A finais de marzo organizaremos as xornadas de educación vial coa participación da policía local e tamén a colaboración do concello de Narón que vai a ceder un parque móvil infantil municipal que funcionará no colexio por unha semana, forma parte dun plan para aumentar a seguridade vial da comunidade educativa, nenos, familias e docentes.

Outro apartado que é unha prioridade para o grupo de goberno é a normalización lingüística, aproveitando subvencións da Xunta e Deputación, parécenos moi oportuno porque a política da Xunta vai acumulando fracaso tras fracaso na perda de galegofalantes habituais. Parécenos ben facer xestos, pero cómpre facer unha aposta máis forte. Temos programado para nove meses a xornada completa a creación do servizo de normalización lingüística. O perfil da bolsa é licenciado e iso obriga ó Concello a facer unha aportación. Vai dirixido prioritariamente aos ámbitos social, comercial e deportivo. Tamén no administrativo, pero entendemos que é menos necesario, aínda que na convocatoria precisa con claridade as funcións deste servizo.

Outro tema importante é o da Memoria Histórica. O ano pasado fixemos intervencións, charlas, exposicións... Este ano centrarémolo na colocación dunha placa de bronce que queremos adicarlle ás vítimas da represión da dictadura. É algo que se tiña que ter feito hai tempo. Queremos que teña unha certa relevancia artística. Encargamos o deseño a Siro López e a parte material a Manuel Ferreiro Fandiño, que foron os que diseñaron as medallas das letras galegas e son persoas con relevancia no mundo da arte. Non chegará a tres mil euros. Pode parecer unha cantidade importante pero é que según eu fun coñecendo a realidade daquela época en Cedeira houbo desaparecidos, represaliados, paseados.... Trátase simplemente da recuperación da memoria histórica.

En canto ó tema do Festival Galego Portugués, é un festival de música que ten cabida pola tradición musical. Nace polo espírito de mostrar o que se fai no mundo da música en Portugal. Cada ano adicarase a un tipo de música diferente. Este festival este ano ten carácter especial porque hai trinta anos morreu José Afonso, que foi o referente e tivo a sorte ou a mala sorte de nacer en Portugal. Estivo en Cedeira no ano 74 dando un concerto no Tres de Oros,

organizado pola Asociación de Veciños A Marieta, que fixo un enorme esforzo. Isto creou unha enorme simpatía por Portugal. A partir de aquel momento descubrimos que Portugal era un país fantástico. Creouse un movemento, e hoxe é normal que na xira as canción portuguesas formen parte do noso repertorio, por iso, un festival deste tipo era oportuno facelo aquí en Cedeira. Cremos que o merece tamén pola súa dimensión humana. Ten previsto celebrarse entre o 19 e o 21 de maio, están previstos unha serie de actos, sinalar que faremos un apartado que é Cedeira canta a José Afonso, no que os cedeireses poden participar. Habrá unha exposición, destacar que o sábado intervirá un sobriño que é João Afonso. E tamén o grupo "De outra margem", coa posible presenza puntual de Guadi Galego. No domingo 21 celebrarase unha charla sobre o triángulo máxico de José Afonso: Portugal, África e Galicia, e un concerto didáctico do grupo de Intervención da A.J.A. Todo isto só é posible si outras administracións con máis recursos nos apoian e intentaremos captar subvencións da Deputación.

O Sr. Casal García di: No eido medioambiental, pretendemos no punto limpo facer unha especie de caseta para meter nela os residuos dos aparellos eléctricos e electrónicos, aínda que somos conscientes de que o punto limpo non pode servir de referencia.

Imos seguir coa compra de composteiros e chegaremos ó centenar de vivendas, que é unha cifra respectable. Pretendemos aumentar o número de colectores amarelos, sobre todo no rural. Aportaremos un certo diñeiro e estamos solicitando a Ecoembes. Se están facendo as actuacións por número de habitantes, non ao chou ou por amiguismo. Pretendemos recuperar algunha fonte ou lavadoiro, pero non sei canto diñeiro poderemos destiñar.

Vanse impartir charliñas sobre saúde alimentaria, parécenos fundamental este tema polo número de rapaces moi novos con obesidade.

Imos eliminar plumeiros da Pampa que por ahí pululan e temos que erradicar algúns. Vaise facer unha campaña de castración da poboación gatuna e do control das enfermidades que poidan transmitir. Son necesarios os gatos, pero que se reproduzan non é tan necesario.

Melloraremos a xardinería do Parque do Floreal. Plantaremos piñeiros, carballos e castiñeiros na área recreativa detrás do Castelo, os piñeiros na parte baixa onde reciben o salitre. E no patio interior do Concello hai un quiosco desaproveitado e intentaremos facer un invernadoiro.

O Sr. Alcalde di: A concellería de deportes presenta varias novidades nesta área respecto ás actuacións que se están levando a cabo nos derradeiros anos e que van a supoñer unha novidade.

Por un lado as subvencións ás entidades deportivas van a ser a través dun proceso de libre concorrência, establecendo uns criterios obxetivos para que haxa un reparto equitativo entre os distintos clubs. A cantidade máis alta á que se pode optar será de 7.000 € por entidade. Entendemos que desta forma todos os clubs se equiparan nas mesmas posibilidades para obter unha subvención e que estas virán consignadas a través dos correspondentes criterios que as rixan e evalúen. Os clubs tamén a través desta liña verán premiada a organización de eventos deportivos. Este grupo de goberno entende que o apoio ás diferentes asociacións e clubs do concello debe ser de obrigado cumprimento pois para nós a sociedade civil de Cedeira ven representada a través destas entidades, pero tamén queremos rematar coa falta de criterio que houbo en anos anteriores á hora do reparto destas subvencións.

Outra das novidades deste ano vai a ser que Cedeira será unha das sedes do Campus Fundación da Federación Española de fútbol, un campus que se vai asinar a través dun acordo entre a Federación Española, a Deputación da Coruña e os concellos de Cedeira, Boiro e Cerceda e que terá lugar, estamos pendentes da confirmación das datas, na segunda quincena do mes de xullo. Un campus para nenas e nenos en idades comprendidas entre 8 e 17 anos e

que contará cun corpo técnico formado por: Entrenadores con titulación nacional, Licenciados en INEF, Diplomados en maxisterio, Socorristas, Especialistas en Dietética e Nutrición, Cociñeiros, Persoal de mantemento.

Para realizar as actividades deste campus utilizaremos as instalacións do campo de fútbol, do polideportivo, das pistas de pádel, colexio... A cada neno se lle entregará unha equipación oficial da Federación Española de fútbol, unha equipación de entrenamiento da Federación Española, un diploma de asistencia pola súa participación no curso e unha foto de recordo.

Por último e como feito destacable será a regata de traineras que se organizará entre os meses de xullo e agosto (aínda estamos pendentes da confirmación da data por parte da Asamblea da Liga Galega de Traineras) e na cal en principio van a participar 7 traineras (Club de Remo Cedeira, Club de Remo Mugar dos, Club de Remo Muros, Club de Remo Vila de Cangas, Club de Remo Esteirana, Club de Remo Mera e Club de Remo Virxe da Guía). Este evento traerá un total de 150 remeiros a maiores de familiares, directivos, chegando a

1.000 persoas as que directamente poden achegarse ese día a Cedeira.

Continuaremos na liña do ano pasado de facer reparacións e melloras dentro das nosas instalacións deportivas, así como a compra de desfibriladores para o campo de fútbol e o polideportivo.

O Sr. Rubido Ramonde di: Aquí houbo unha exposición de moita literatura, pero o que se veu facer é un inventario extenso programativo de actuacións que poden vir ou non vir. Hai moita literatura e lles faltou ler a garantía do camiión ou o programa da París de Noia. Falemos dunha bandeira que vostede levantouna, que é o gasto social. O gasto social en relación ós recursos, que hai un aumento na mesma medida. Agora hai máis recursos e é debido ó feito no mandato anterior. O Alcalde, que eu entendía como ultraliberal antes desta andadura, gustaríanos un recoñecemento institucional en canto á xestión de servizos públicos, recollida do lixo, augas.... Vai vostede a dar o paso do ecuador do mandato en xuño e non moveron un milímetro nese punto. Gustaríanos un recoñecemento. Botamos de menos políticas de emprego e é hai unha desproporción entre políticas de eventos co gasto social. Segue como antes, cando hai xente que o pasa mal e non vemos un compromiso en gasto social.

O Sr. Alcalde di: Supoño que se referirá á exclusión social, etc. Porque ¿gasto social é moi amplo? Entendemos que o gasto social non comprende só o gasto social, senón tamén o pobo, as asociacións, e sobre todo con criterios obxectivos. Fixéronse moitas axudas. Creamos unha ordenanza de emerxencia social. Recordo que as axudas para compra de libros as sacou vostede un mes antes das eleccións. O importante é a cantidade de actividades. Co tema da recollida do lixo, é imposible que o concello poida asumir esa xestión. Hai unha persoa en mantemento e é imposible facer todo. Por moitísimas horas que traballe non se pode facer. No pleno hai que explicar os proxectos que se van a executar. Unha demanda da FEGAMP é a proposta de que na Xunta haxa un plan único para os Concellos. Todos sabemos cómo se reparte o diñeiro entre distintas administracións. Na Deputación o reparto vai con criterios obxectivos.

A Sra. Rodríguez Pérez, di: No tema das axudas a nenos en idade escolar, e a convocatoria que vostedes fixeron, revisámola para ver si podíamos tirar por ahí, e non era exemplo para repartir. Non estaba ben feita a convocatoria destas axudas. Falando con axentes sociais implicados din que coas axudas da Xunta que estaban cubertas, que o que necesitaban do Concello eran outro tipo de axudas, o ano pasado utilizaronse para nenos en emerxencia social e vimolo claro e lóxico, porque dentro dos nenos os hai con moitas máis necesidades uns que outros. Este ano imos convocar a subvención para nenos en idade escolar e faremos as bases para complementar cousas con necesidades que poidemos conseguir por outro lado. En canto a servizos públicos falaba de recoñecemento, ¿qué quere dicir?

O Sr. Rubido Ramonde di: Que co goberno do PP a xestión de servizos públicos foi boa. Hoxe hai recursos. O que esperamos é, unha vez que pensaron que a privatización é o mellor, que o recoñezan.

O Sr. Pérez Riola di: Vostede como avogado debe saber máis que ninguén que si rescindimos o contrato teríamos que indemnizar. Cando o contrato finalice ese contrato non se renovará.

O Sr. Rubido Ramonde di: Creo que fala de rescate.

O Sr. Alcalde di: Cedeira non ten un gran parque empresarial e tivo un momento de capacidade económica polo catastrazo. Sobre o que dí o Sr. Pérez Riola, o problema é contratar pola empresa privada, porque o Concello non pode contratar.

O Sr. Rubido Ramonde di: As axudas de ortodoncia, etc, están ahí nas bases, porque cando vimos a nota de prensa dixemos: Esta nota a redactou Pingota sin ler as bases. ¿Que foi un tema electoral? Pois quince días antes das eleccións non se pode improvisar. Teñen doce meses para facer a modificación presupostaria que crean necesaria.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por sete (7) votos a favor do PSdG-PSOE (3), do BNG (2) e de ANOVA (2), e cinco (5) votos en contra do PP, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

4.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA DO PROXECTO DE BEIRARRÚAS E PAVIMENTACIÓN NA AV. AREA E RÚA FRAGA IRIBARNE E APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO.

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 20 de febreiro de 2017, que dí:

“Vista a Proposta da Alcaldía asinada dixitalmente en data 15.02.2017, que dí:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Este concello desexa levar a cabo a obra denominada “REPARACIÓN E MELLORA NAS BEIRARRÚAS E NA PAVIMENTACIÓN DAS RÚAS AVDA. DA AREA E RÚA FRAGA IRIBARNE”, e para o seu

financiamento necesita solicitar unha subvención nominativa á Excma. Deputación Provincial.

Por isto, propono ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobamos a solicitude de inclusión do investimento denominado “REPARACIÓN E MELLORA NAS BEIRARRÚAS E NA PAVIMENTACIÓN DAS RÚAS AVDA. DA AREA E RÚA FRAGA IRIBARNE” como subvención nominativa da Excma. Deputación Provincial, co seguinte desglose económico:

Denominación da obra ou subministración	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total

REPARACIÓN E MELLORA NAS BEIRARRÚAS E NA PAVIMENTACIÓN DAS RÚAS AVDA. DA AREA E RÚA FRAGA IRIBARNE	100.000,0 0 €	50.000,00 €	150.000,00 €
TOTAL	100.000,0 0 €	50.000,00 €	150.000,00 €

2.- Aprobar o correspondente proxecto técnico.

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2017 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2017, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

A Comisión, por unanimidade, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

5.- PROCEDEMENTO DE CESIÓN DO DEREITO PARA A CONSERVACIÓN DE RESTOS NO CEMITERIO MUNICIPAL

